

1º BOLETÍN INFORMATIVO

3ª Proba Liga Aromon ChemaSport 2019

Domingo, 5 de maio de 2019

A ESCUSA



Información Xeral

Seguimos coa **VIII Edición da Liga AROMON Chema-Sport**.

A Liga Local AROMON ChemaSport é unha iniciativa do Club AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo que ten como obxectivo iniciar no deporte da orientación a todo aquel que o desexe.

Esta 3ª proba, será o **domingo 5 de maio 2019, a partir das 10:30horas**.

Agardámoste!!!

Programa

Presentamos o **programa provisional** desta proba:

- **3 LACHS 2019 - A Escusa**
- **10:30** - Recepción de participantes.
- **10:45** - Comezo das charlas técnicas (faremos varias ao longo da mañá)
- **11:00** - Primeiras saídas (existirá horario de saída).
- **12:00** - Últimas saídas (non se poderá tomar a saída despois desta hora).
- **13:00** - Peche de meta.

Modalidades e Categorías

As **MODALIDADES** desta duodécima proba serán tres:

- **ORIENTACIÓN A PÉ: Iniciación nenos (individual ou grupo)**, categoría contará con tres percorridos: **Iniciación nenos** (nivel de esixencia físico e técnico baixo, ideal para nenos), **Iniciación adultos** (nivel de esixencia físico e técnico baixo pero orientado a adultos e nenos con experiencia) e **Avanzado** (nivel de esixencia físico e técnico alto, SÓ para federados en orientación).
- **MTB-O**: Contará con tres percorridos: **Iniciación nenos** (nivel de esixencia físico e técnico baixo, ideal para nenos), **Iniciación adultos** (nivel de esixencia físico e técnico baixo pero orientado a adultos e nenos con experiencia) e **Avanzado** (nivel de esixencia físico e técnico alto, SÓ para federados en orientación).
- **Duatlón-O**: Contará con dous percorridos: **Iniciación Duatlón-O** (nivel de esixencia físico e técnico baixo, orientado a adultos e nenos con experiencia) e **Avanzado Duatlón-O** (nivel de esixencia físico e técnico alto, SÓ para federados en orientación)

MAPA O PÉ:




Localidade: A Escusa

Escala: 1:7500 / 1:10000 / 1:15000

Equidistancia: 5 m

Descrición do terreo: Bosque con extensa rede de sendas e pistas, con desnivel medio. Áreas de eucalipto e piñal, con vexetación rasteira. Presenza de elementos lineais abundantes (valados de pedra), así como elementos rochosos.

MAPA MTBO:



Lugar e cómo chegar

Campo de Golf de Meis (zona secretaría e aparcamento):

<https://goo.gl/maps/BtBJGccF2fVtDy9Y6>

Inscripcións

A inscrición na proba poderá realizarse na seguinte web:

<https://aromon.es/inscripciones/3lachs2019/>

- Se tes algún problema na inscrición, ou consulta, ponte en contacto connosco: lachs@aromon.es
- **Existirá un límite de prazos: 150** (si se cubriren priorizarase por orde de inscrición, e crearíase unha lista de agarda)

¡ En todos os casos o prazo de inscrición remata o xoves 2 de maio ás 22:00 horas !

Información básica e de seguridade

1. Debes **presentarte na Secretaría** ao chegar para comprobar os datos de inscrición e recoller a pinza SportIdent.
2. Na saída recorda: **limpar e comprobar** a pinza SportIdent, é a túa responsabilidade.
3. Existirán **horarios de saída establecidos**.
4. É **obligatorio pasar por meta e efectuar a descarga da tarxeta Sportident**, aínda que se produza o abandono, para que este feito conste á organización.
5. Para a realización do percorrido, o competidor pode contar coa axuda dun **compás**, ademáis do **mapa aportado pola organización**.
6. Recorda devolver o material prestado.
7. É recomendable levar roupa deportiva cómoda e unha muda de reposto.
8. As competicións de orientación baséanse no **RESPETO**:
 - a. Á natureza
 - b. Aos cultivos e propiedades privadas
 - c. Aos outros competidores
 - d. Ás indicacións do persoal da organización.

¡DEBERASE OFRECER AXUDA A CALQUERA PARTICIPANTE MANCADO!

Patrocinadores e Colaboradores



*Casino Mercantil e Industrial
Pontevedra*